

Validacións de disciplinas por crédito: 1 euro.

Cursos monográficos por crédito: 30 euros.

2. O importe aboado polo alumnado que se matricule en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso non poderá exceder o fixado para o curso completo».

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela trinta e un de agosto de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 14 de agosto de 2006 pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2006/2007.*

Por Orde do 19 de maio de 2006 (DOG do 30 de maio), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da consellería, para o curso 2006/2007.

Reunida a comisión de valoración prevista no punto sexto da devandita orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade cos puntos segundo e sétimo da orde de referencia,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Conceder as contías que se sinalan no anexo I aos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2005/2006, vistas as memorias de actividades levadas a cabo no devandito curso e os proxectos presentados para o curso 2006/2007.

Segundo.-Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares 2006/2007 os 60 novos centros seleccionados, que se relacionan no anexo II.

Terceiro.-Asignar as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a poñer en marcha os proxectos presentados.

Cuarto.-Os gastos realizados xustificaranse segundo o previsto no punto oitavo da Orde do 19 de maio de 2006, antes do 30 de xuño de 2007.

Cuarto.-A non entrega da memoria e/ou xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

Quinto.-O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderán dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO I**

Centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares 2005/2006 (parágrafo segundo, punto 1º da Orde do 19 de maio)

CÓDIGO	NOME DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	IMPORTES CONCEDIDOS			
				MOBILIARIO	EQUIPOS	GASTOS FUNCIONAMENTO	TOTAL
15000107	CEIP BISPO GUERRA CAMPOS	AMES	A CORUÑA	1.000	2.000	1.000	4.000
15001070	CPI CRUZ DO SAR	BERGONDO	A CORUÑA	4.000	2.266	1.500	7.766
15002165	CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ	CAMBRE	A CORUÑA	4.000	2.000	1.500	7.500
15006754	IES MARQUÉS DE SUANZES	FERROL	A CORUÑA	1.200	4.000	2.000	7.200
15007400	CPI PONTE CARREIRA	FRADES	A CORUÑA	2.000	2.000	500	4.500
15011567	CEIP DE SIGÜEIRO	OROSO	A CORUÑA	4.000	3.100	400	7.500
15015767	IES MONTE DE CONXO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA	3.000	900	900	4.800
15021354	CEIP BERGANTIÑOS	CARBALLO	A CORUÑA	6.000	1.800	2.600	10.400
15021627	CEIP EMILIA PARDO BAZÁN	A CORUÑA	A CORUÑA	2.000	2.000	600	4.600
15023375	CEIP JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA	A CORUÑA	A CORUÑA	3.000	2.000	1.500	6.500
15024239	CEIP OS MUÍÑOS	MUXÍA	A CORUÑA	4.935	1.800	450	7.185
15024902	CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ	A CORUÑA	A CORUÑA	1.000	1.800	3.800	6.600
15026029	IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	A CORUÑA	2.650	1.200	650	4.500
15026765	CEIP MILLADOIRO	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A CORUÑA	6.982	1.000	250	8.232
15026777	CEIP PEPE DE XAN BAÑA	SANTA COMBA	A CORUÑA	3.575	3.100	1.180	7.855
15027711	IES LELIADOURA	RIBEIRA	A CORUÑA	5.000	2.500	3.000	10.500
15027733	IES DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA	4.000	3.000	1.000	8.000
15027848	CRA. NOSA SEÑORA DO FARO	PONTECESO	A CORUÑA	4.300	1.200	1.200	6.700
15027873	IES AFONSO X O SABIO	CAMBRE	A CORUÑA	8.000	1.800	1.500	11.300
15027897	IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	A CORUÑA	7.400	1.800	1.500	10.700
15032081	IES DE FENE	FENE	A CORUÑA	5.000	2.000	4.500	11.500
27007259	IES RÍO CABE	MONFORTE DE LEMOS	LUGO	2.185	2.500	646	5.331
27012036	IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO	3.700	2.200	1.500	7.400

CÓDIGO	NOME DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	IMPORTES CONCEDIDOS			
				MOBILIARIO	EQUIPOS	GASTOS FUNCIONAMENTO	TOTAL
27014008	CPI TINO GRANDÍO	GUNTÍN	LUGO	3.000	1.200	1.000	5.200
27015751	CEIP VISTA ALEGRE	BURELA	LUGO	4.000	2.000	2.000	8.000
32003771	CEIP CURROS ENRÍQUEZ	CELANOVA	OURENSE	1.200	3.000	1.000	5.200
32013612	IES XESÚS TABOADA CHIVITE	VERÍN	OURENSE	1.500	4.500	1.000	7.000
32015190	CEIP ALBINO NÚÑEZ	OURENSE	OURENSE	700	500	1.300	2.500
36004137	IES RAMON MARÍA ALLER ULLOA	LALÍN	PONTEVEDRA	1.000	3.500	2.000	6.500
36004733	CEIP DE REIBÓN	MOAÑA	PONTEVEDRA	4.000	1.800	1.500	7.300
36006420	CEIP CAMPOLONGO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	4.450	1.200	675	6.325
36006717	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	7.000	2.000	500	9.500
36006863	CEIP SAN MARTÍÑO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	4.500	1.800	1.500	7.800
36011798	IES ALEXANDRE BÓVEDA	VIGO	PONTEVEDRA	2.200	3.000	1.500	6.700
36015093	CEIP SAN TOMÉ	CAMBADOS	PONTEVEDRA	3.000	2.500	1.000	6.500
36016051	CEIP SEIS DE NADAL	VIGO	PONTEVEDRA	3.000	2.500	2.000	7.500
36016590	CEIP ABELENDO DE MOAÑA	MOAÑA	PONTEVEDRA	3.000	2.000	2.000	7.000
36017651	CEP MARCOS DA PORTELA (ANTERIOR CEP MONTEPORREIRO)	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	5.000	1.800	1.000	7.800
36019220	IES AUGA DA LAXE	GONDOMAR	PONTEVEDRA	3.750	4.250	1.050	9.050
36020350	IES PINTOR COLMEIRO	SILLEDA	PONTEVEDRA	5.300	1.800	600	7.700

## ANEXO II

Relación de centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares para o curso 2006/2007 (parágrafo segundo, punto 2º da Orde do 19 de maio)

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	FONDOS	MOBILIARIO	EQUIPOS	TOTAL
15025220	CEIP DE VENTÍN	AMES	A CORUÑA	5.800	1.200	1.600	8.600
15027721	IES DE AMES	AMES	A CORUÑA	4.900	1.200	0	6.100
15023302	IES MANUEL MURGUÍA	ARTEIXO	A CORUÑA	3.700	1.500	0	5.200
15019301	CPI SAN VICENTE	A BAÑA	A CORUÑA	2.600	400	2.000	5.000
15001148	IES AS MARIÑAS	BETANZOS	A CORUÑA	3.150	2.750	1.500	7.400
15005257	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	A CORUÑA	A CORUÑA	4.500	1.200	2.730	8.430
15005828	CEP TARRÍO-CULLEREDO	CULLEREDO	A CORUÑA	5.805	1.400	1.900	9.105
15006699	CEIP IBÁÑEZ MARTÍN	FERROL	A CORUÑA	1.700	2.000	1.300	5.000
15024227	CEIP PAZOS	FERROL	A CORUÑA	2.880	1.200	1.800	5.880
15008301	IES URBANO LUGRÍS	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A CORUÑA	1.500	1.500	2.000	5.000
15025268	IES AS TELLEIRAS	NARÓN	A CORUÑA	1.700	2.300	1.000	5.000
15027216	IES FERNANDO ESQUÍO	NEDA	A CORUÑA	4.800	1.000	1.800	7.600
15026391	IES XULIÁN MAGARIÑOS	NEGREIRA	A CORUÑA	5.100	1.000	1.800	7.900
15027228	IES MARÍA CASARES	OLEIROS	A CORUÑA	1.300	1.200	2.500	5.000
15025487	CEIP CAMPOMAIOR	ORDES	A CORUÑA	4.200	1.200	1.600	7.000
15027976	IES POETA AÑÓN	OUTES	A CORUÑA	3.100	1.200	1.200	5.500
15023439	CEP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE	RIANXO	A CORUÑA	5.500	1.200	1.600	8.300
15014465	CEIP PALMEIRA	RIBEIRA	A CORUÑA	4.280	1.200	2.000	7.480
15022589	CEIP LAMAS DE ABADÉ	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA	4.500	0	2.000	6.500
15025074	CEIP IGREXA SOMOZAS	AS SOMOZAS	A CORUÑA	3.000	1.200	1.800	6.000
15017107	CEIP A RAMALLOSA	TEO	A CORUÑA	3.800	1.200	1.600	6.600
15020994	CPI VIAÑO PEQUENO	TRAZO	A CORUÑA	5.500	1.300	2.000	8.800
15020921	CEIP DE PRÉSARAS	VILASANTAR	A CORUÑA	3.500	1.200	1.000	5.700
15019281	CPI ZAS	ZAS	A CORUÑA	2.000	1.400	1.600	5.000
27007958	CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO	4.700	1.200	1.600	7.500
27015891	IES DA TERRA CHA, JOSÉ TRAPERÓ PARDO	CASTRO DE REI	LUGO	4.400	2.300	2.000	8.700
27003151	IES LAMA DAS QUENDAS	CHANTADA	LUGO	3.250	1.150	600	5.000
27020562	IES DE FOZ	FOZ	LUGO	4.000	1.000	1.600	6.600
27016200	IES POETA DIAZ CASTRO	GUITIRIZ	LUGO	5.000	1.200	1.200	7.400
27006383	CEIP A PONTE	LUGO	LUGO	4.130	1.200	1.800	7.130
27015311	IES A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS	LUGO	3.900	1.200	1.800	6.900
27013636	IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	LUGO	3.600	1.080	1.320	6.000
32015037	IES MANUEL CHAMOSO LAMAS	O CARBALLIÑO	OURENSE	2.900	500	1.600	5.000
32016625	IES CELANOVA	CELANOVA	OURENSE	1.680	1.320	2.000	5.000
32005305	CPI LAUREANO PRIETO	A GUDIÑA	OURENSE	4.300	1.120	1.800	7.220
32016765	IES PORTOVELLO	OURENSE	OURENSE	4.700	1.200	1.600	7.500
32011135	CEIP ROGELIO GARCÍA YÁÑEZ	RAMIRÁS	OURENSE	4.950	1.200	1.500	7.650
32014801	IES CIDADE DE ANTIOQUÍA	XINZO DE LIMIA	OURENSE	6.000	700	2.000	8.700
36000934	CEIP CASTRILLÓN	CANGAS	PONTEVEDRA	5.000	1.200	1.600	7.800
36019475	IES DE RODEIRA	CANGAS	PONTEVEDRA	5.200	1.200	2.500	8.900
36001148	CPI A CAÑIZA	A CAÑIZA	PONTEVEDRA	6.000	1.200	1.800	9.000
36014854	CEIP OCA	A ESTRADA	PONTEVEDRA	6.000	1.200	1.500	8.700
36013758	IES LAXEIRO	LALÍN	PONTEVEDRA	4.700	2.230	1.800	8.730
36016607	CEIP QUINTELA	MOAÑA	PONTEVEDRA	5.600	1.200	1.600	8.400
36013564	CEIP PENA DE FRANCIA	MOS	PONTEVEDRA	4.725	1.000	1.600	7.325
36005683	CEIP DE VIDE	AS NEVES	PONTEVEDRA	2.800	1.450	750	5.000
36007539	CEIP FERMÍN BOUZA BREY	PONTEAREAS	PONTEVEDRA	3.000	1.200	1.000	5.200
36007709	CEIP STO. PAIO DE ABAIXO	REDONDELA	PONTEVEDRA	4.800	1.200	1.200	7.200

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	FONDOS	MOBILIARIO	EQUIPOS	TOTAL
36020337	IES SALVATERRA DE MIÑO	SALVATERRA DE MIÑO	PONTEVEDRA	5.000	1.600	1.800	8.400
36008878	CEIP CRUCEIRO	SANXENXO	PONTEVEDRA	5.200	1.200	1.400	7.800
36020349	IES SANXENXO	SANXENXO	PONTEVEDRA	5.200	1.200	1.000	7.400
36019256	IES VILALONGA	SANXENXO	PONTEVEDRA	4.800	1.200	1.800	7.800
36009846	CEIP NUM. 1	TUI	PONTEVEDRA	5.500	1.200	1.800	8.500
36024112	CRA. MESTRA CLARA TORRES	TUI	PONTEVEDRA	4.100	1.000	1.800	6.900
36020362	IES VALGA	VALGA	PONTEVEDRA	4.550	1.200	1.500	7.250
36015354	CEIP CARRASQUEIRA	VIGO	PONTEVEDRA	5.800	1.200	1.800	8.800
36010241	CEIP DOUTOR EIJO GARAY	VIGO	PONTEVEDRA	4.000	1.200	1.800	7.000
36015366	CEIP O POMBAL	VIGO	PONTEVEDRA	5.000	1.800	1.800	8.600
36010009	CEIP VIRXE DO ROCÍO	VIGO	PONTEVEDRA	2.400	600	2.000	5.000
36015652	CEIP O PIÑEIRIÑO	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA	4.300	1.200	400	5.900

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 31 de agosto de 2006 pola que se modifica a do 22 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e se procede á convocatoria das correspondentes a 2006.*

A Consellería de Innovación e Industria ditou a Orde do 22 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e se procede á convocatoria das correspondentes a 2006.

No artigo 6.1º da devandita orde establécese como requisito indispensable para o libramento das axudas a presentación da documentación acreditativa do investimento realizado antes do 31 de outubro de 2006.

Tendo en conta que o elevado número de solicitudes presentadas motivou un dilatado proceso de avaliación dos proxectos e resolución dos respectivos expedientes, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación dos investimentos levados a cabo polos solicitantes.

En consecuencia, en uso das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º

Ampliar o prazo para a execución e xustificación dos investimentos ou actuacións subvencionables ao abeiro da orde da Consellería de Innovación e Industria do 22 de marzo de 2006 ata o 15 de novembro de 2006 .

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 6 de setembro de 2006 pola que se amplía o prazo para a xustificación dos traballos de silvicultura preventiva con tractores e os seus apeiros (liña II) para a concesión de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común convocadas pola Orde do 7 de marzo de 2006.*

Pola Orde do 7 de marzo de 2006 establécéronse as bases reguladoras das axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común (*Diario Oficial de Galicia* nº 52, do 15 de marzo de 2006).

O artigo 13 da devandita orde, relativo ás xustificacións, no seu parágrafo segundo, establece: «Na liña I o beneficiario disporá de 10 días naturais desde a finalización da operatividade da cuadrilla para a presentación dos xustificantes das accións realizadas, obxecto da subvención, mentres que na liña II os traballos deberán estar rematados e xustificados como máis tarde o 15 de setembro do ano en curso».

A vaga de lumes acontecida na primeira quincena do mes de agosto, fai que sexa materialmente imposible rematar os traballos preventivos obxecto da liña II na data prevista (15 de setembro), polo que cómpre ampliar este prazo ata o 31 de outubro deste ano.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

**DISPOÑO:**

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o prazo para a xustificación dos traballos de silvicultura preventiva con tractores e os seus apeiros (liña II) para a concesión de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común convocadas pola Orde do 7 de marzo de 2006, quedando redactado o artigo 13, parágrafo 2º, do seguinte xeito: